


## Proxecto Mellora: Unha resposta do IES Antonio Fraguas ás dificultades socioemocionais do alumnado



Andrea Valcárcel Couceiro.  
M<sup>a</sup> Dolores Sanz Lobo.

IES Antonio Fraguas  
Grupo Stellae-USC

A violencia é o medo das ideas dos outros e a pouca fe nas propias. —Antonio Fraguas—

### A MODO DE INTRODUCIÓN

Neste artigo pretendemos amosar unha síntese do PROXECTO DE MELLORA DAS COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS (*Mellora*). Nun contorno no que a convivencia é un eixe fundamental da nosa comunidade educativa, os conflitos deben seren traballados dun xeito positivo e enriquecedor. Pero, a realidade evidencia que o noso alumnado —como tantos outros adolescentes— ten grandes dificultades para xestionar situacións que requirán a activación de recursos e ferramentas emocionais e sociais axeitadas. Tratar de dar resposta a esta realidade é a nosa proposta. Abordaremos moi brevemente a súa xénese, características, elementos constitutivos e funcionamento. Finalmente, faremos a súa avaliación, falando dos logros acadados ata este momento do camiño. Aínda que somos conscientes de que o que agora presentamos é un breve resumo do *Mellora*, esperamos que sexa suficiente para concienciar sobre a presenza de situacións de acoso e illamento que se producen nos centros educativos e para que se sumen outros profesionais a iniciativas deste tipo que nos benefician a todos e todas.

### O CONTORNO

O centro está situado no barrio compostelán das Fontiñas, barrio novo, de pouco máis de vinte anos de historia, caracterizado pola xuventude e diversidade dos seus habitantes. Esta diversidade —socioeconómica, étnica, cultural, etc.— do barrio, presente tamén no IES, convértese nun dos trazos de identidade do instituto xunto a outros como o traballo pola convivencia e a cultura da paz, a educación intercultural e a apertura ao contexto —traballo comunitario

en rede coas entidades do barrio—.

## ANÁLISE DE NECESIDADES E RESPOSTA DO IES

A idea de crear este proxecto xorde no curso 2010-2011 ante a necesidade detectada no centro de mellorar a convivencia, diminuir as condutas inadecuadas e amparar todos aqueles alumnos que sufren algúna situación de acoso, avaliando e tratando posibles repercusións psicolóxicas e socioemocionais.

O Mellora, creado conjuntamente pola xefa do Departamento de Orientación do IES, Dolores Sanz e a psicopedagoga Andrea Valcárcel, goza do apoio e da colaboración de toda a comunidade educativa –equipo directivo, profesorado, titulares, ANPA, estudantes...–

## PERFÍS

O alumnado ao que vai dirixido o proxecto pode situarse, en termos xerais, en dous perfís diferentes:

1. Estudantes con alteracións de conduta –indisciplina, violencia psicolóxica, etc.–
2. Estudantes vítimas de acoso, inadaptación ao grupo de iguais, inestabilidade emocional, etc.

Facemos fincapé no feito de que con anterioridade á creación do Mellora, traballabamos con alumnos que presentaban comportamento disruptivo –perfil 1– pero, debido á grande cantidade de casos que detectamos do segundo perfil tomamos a decisión de que estes sexan o principal foco da nosa intervención, sen deixar de atender aqueles con alteracións de tipo conductual.

## DESENVOLVEMENTO

Segundo a situación persoal de cada adolescente, as sesións poden ser continuas, periódicas –seguimento–, puntuais –fronte unha situación illada ou emergente que podería derivar en algo máis grave– e espontáneas –ordenante ante unha situación á que hai que dar resposta inmediata, pero non están inicialmente programadas–.

Tendo presente que o proxecto se desenvolve no horario lectivo, o alumnado que forma parte do mesmo auséntase daquelas clases nas que non se considere prexudicial a súa saída e contando sempre coa colaboración do profesorado.

O número de sesións por semana das que se beneficia cada rapaz depende dunha serie de

circunstancias valoradas entre a psicopedagoga, a responsable do Departamento de Orientación e o equipo directivo, sendo en principio unha sesión semanal para cada alumno/a.

Dentro dos citados perfiles podemos afirmar que atendemos casos de agresividade e condutas disruptivas, acoso escolar, condutas e pensamentos obsesivos, inadaptación e illamento social, inestabilidade emocional, fobias, trastornos alimenticios e problemas para responder ante situacións estresantes.

## VÍAS DE ACCESO

As vías de acceso ao Mellora son as seguintes:

- Detección de casos por parte do profesorado e/ou dos titulares: derivación ao equipo directivo. Reunión coa orientadora e a psicopedagoga. Estúdase a súa inclusión no programa.
- Os alumnos que forman parte do programa preséntannos outros casos de compañeiros que precisan axuda.
- Por propia petición do alumnado.
- Por petición da familia.

## OBXECTIVOS

(VER TÁBOA ABAIXO)

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
	Dotar os estudantes das ferramentas precisas para favorecer o desenvolvemento socioafectivo e a aprendizaxe de valores cívicos.
	Potenciar no alumnado a adquisición das habilidades da intelixencia socioemocional sendo conscientes da importancia da súa aplicación no día a día.
	Provocar e manter nos rapaces o desexo de mellorar a súa conduta para mellorar a súa calidade de vida.
	Identificar os pensamentos que se atopen tras as emocións sentidas.
	Concienciar sobre a importancia de actuar adecuadamente en situacións de acoso facendo comprender que todos temos un grao de compromiso.
	Propiciar un clima de confianza que facilite a visualización das situacións de acoso propias ou alleas.
	Establecer canles e protocolos de comunicación para situacións de acoso.
Facilitar un cambio positivo nos ámbitos cognitivo e emocional para mellorar a conduta e as actitudes do alumnado obxecto de intervención.	Promover a coordinación entre diferentes profesionais –profesorado, titulares, equipo directivo...– así como coas familias.

## METODOLOXÍA

Partimos dunha metodoloxía flexible –en canto á admisión de usuarios/as, número de sesións, actividades, etc.– baseada na escucha activa, onde as sesións se realizan sempre atendendo ás necesidades, características e intereses dos rapaces que contan coa posibilidade de recibir un asesoramento diario a través do correo electrónico e un acompañamiento no tempo de ocio –recreo, horas libres, algunas tardes da fin de semana–. Desde o primeiro encontro co alumnado facemos todo o posible para que a confianza, a empatía, o cariño, a comprensión e a simpatía sexan percibidas como a nosa principal ferramenta de traballo.

## CONTIDOS

Os contidos traballados son as competencias socioemocionais centrándonos nos seguintes aspectos:

- Autoconciencia
- Conciencia emocional –identificar as propias emocións e os efectos que poden ter–
- Autorregulación
- Autocontrol –manter vixiadas as emocións perturbadoras e os impulsos–.
- Motivación
- Impulso de logro –esforzo por mellorar ou alcanzar unha meta establecida–.
- Optimismo –persistencia na persecución dos obxectivos, a pesar dos obstáculos e retrocesos que podan presentarse–.
- Empatía
- Comprensión dos outros –decatarse dos sentimientos e perspectivas dos outros–.
- Destrezas sociais
- Manexo dos conflitos –saber negociar e resolver os desacordos que se presentan no contorno próximo–.
- Colaboración e cooperación –traballar con outros/as com-

pañeiros/as para alcanzar metas compartidas–.

## AVALIACIÓN

Tendo en conta que o noso proxecto se centra en mellorar as habilidades socioemocionais do alumnado a través de sesións especializadas e individualizadas segundo a necesidade e problemática que presenten, consideramos que non hai mellor ferramenta avaliativa que a observación directa e sistemática, sendo esta a que nos vai indicar se as nosas accións teñen resultados positivos ou se necesitamos modificar o procedemento. Observación –da conduta do estudiante, da aplicación das pautas acordadas, do modo de resolver conflitos e enfrentarse a aquelas situacións delicadas, do seus sentimentos, etc.– por parte dos distintos implicados: equipo directivo, orientadora, psicopedagoga, profesorado, alumnado e familias.

Outros criterios avaliativos de suma relevancia que temos presentes na valoración dos resultados son:

- As testemuñas do alumnado –autoavaliación–.
- Un cuestionario avaliativo do proxecto –ítems pechados e abertos– de alumnos, profesores, equipo directivo, orientadora e psicopedagoga.
- A implicación do alumnado, esforzo e constancia.
- A redución notable do número de amoestacións que tiñan os alumnos con comportamento disruptivo unha vez están traballando no programa.
- Mellora do comportamento na aula e no centro educativo. Ambiente máis tranquilo e relaxado na aula.
- Os resultados obtidos son moi positivos. Estamos a falar de casos realmente problemáticos nos que os adolescentes precisan orientación e asesoramento, así como atención psicolóxica e emocional, e podemos dicir

que melloramos moito cada unha destas situacións persoais e incluso solucionado algunha delas.

## Curso 2010-2011

Aplicación do Mellora: un trimestre.

Alumnado atendido: 12 estudiantes no que actualmente denominamos sesións continuas e un número medio de outros alumnos en sesións espontáneas sen contabilizar.

O balance do curso pasado foi moi alentador, pois o 82% dos adolescentes que formaron parte do Mellora consideraron moi necesaria a continuidade de dito proxecto, cualificando o 91% como moi positiva a súa relación coa psicopedagoga encargada das sesións. O 73% estivo moi satisfeito de participar no proxecto, notando cambios nos seus pensamentos e actitudes un 82%; cambios que reconñecen ter que ver bastante (45%) e moito (55%) con dita participación. Por outra banda o 82% pensa que é moi importante dar continuidade ao programa nos próximos cursos mentres que un 9% o ve aceptable e o restante 9% ve que é bastante importante a súa continuidade. Dentro das razóns que xustifican a súa resposta citan por exemplo: a necesidade de seguir sendo apoiados en temas persoais, os resultados positivos, a axuda para seguir mantendo unha boa conduta, o “tratamento” para controlar a ira e a ansiedade, a sensación de non estar sos, o cariño recibido, etc.

Destacamos o alto índice de alumnos que nos agradecen o apoio recibido. Os casos que traballamos de rapaces con comportamento disruptivo deron moi bons resultados áinda que se precisou un maior número de sesións e de constancia –os profesores avaliaron día a día o comportamento do alumnado, notando nalgúns casos cambios moi significativos–, e

os resultados logrados nos ca-  
sos de acoso e inestabilidade  
emocional foron excepcionais.

#### Curso 2011-2012

Aplicación do Mellora: dous tri-  
mestres

Alumnado atendido: 62 adoles-  
centes –ver distribución na se-  
guiente táboa–.

RESUMO DAS SESIÓNS				
	CONTINUAS	PERIÓDICAS	PUNTUAIS	ESPONTÁNEAS
TOTAL SESIÓNS	312	31	19	40
ALUMNOS/AS	8	9	13	32

Temos recibido chamadas de nais demandando axuda para os seus fillos. Igualmente houbo e segue a haber rapaces que solicitan entrar no Mellora. Destacamos tamén a cadea de axuda que se foi creando entre alumnos, na que son bastantes os que nos piden que incorporemos nas nosas sesións a outros que están sendo acosados ou están pasando por momentos moi complicados.

Este curso o 100% de adolescentes que formaron parte do Mellora mostraron a súa satisfacción ao formar parte do programa. O 88% admite ser consciente dos seus cambios de pensamentos e actitudes, sendo a mesma porcentaxe os que consideran que estes cambios están relacionados coa participación no Mellora.

O 100% dos participantes manifiesta que a súa relación coa psicopedagoga foi moi positiva sendo a mesma totalidade de rapaces que pensan que é importante darrle continuidade ao programa nos cursos vindeiros. Dentro das razóns que manifesan atópanse: a necesidade persoal de seguir sendo aconsellados e orientados, a tranquilidade e cariño que reciben, a axuda en temas persoais, a diminución do estrés e da angustia que padecen, o afrontar

os problemas e outros aspectos de índole confidencial.

#### CONCLUSIÓN

Dentro deste apartado queremos subliñar algúns dos aspectos que os profesionais implicados coincidimos en destacar –profesores, equipo directivo, orientadora, psicopedagoga–.

- A sensación de que o Mellora se integra cada vez máis na dinámica e na vida do centro: aceptación, coordinación, desenvolvemento e valoración.
- A propia evolución do proxecto. A súa flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades que van xurdindo. O Mellora medra.
- A conexión con outros programas do Plan de Convivencia como o de Mediación.
- A colaboración e boa predisposición dos “alumnos-clave” –aqueles que son os líderes da clase, os más sensibles... e que nos axudan a integrar outros estudiantes–. “Tecendo redes”.
- A satisfacción de ter axudado en casos realmente complicados e que lograron “saír á luz” por confiar en nós.
- A boa acollida dos talleres realizados sobre acoso escolar.
- A cobertura ofrecida ás persoas que están sufrindo unha situación de exclusión.
- Resultados visibles a nivel anímico e condutual en moitos adolescentes.
- A diminución da proporción de incidencias que se rexistran no centro educativo.■

#### BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, M. (Coord) et al (2001). *Diseño y evaluación de programas de educación emocional*. Barcelona: Ciss-Praxis.
- ANTUNES, C. A. (2000). *El desarrollo de la personalidad y la inteligencia: diálogos que ayuden a crecer*. Barcelona: Gedisa.
- AVILÉS, J. M (2006). *Bullying: el maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela*. Salamanca: Amarú.
- BEANE, A. L (2006). *Aulas libres de acoso*. Barcelona: Graó.
- CALVO, A (2007). *Acoso escolar: procedimientos de intervención*. Madrid: Instituto de Orientación Psicológica EOS.
- CASTELLS, P (2007). *Víctimas y matones: claves para afrontar la violencia en niños y jóvenes*. Barcelona: Ceac.
- GALINDO, A (2003). *Inteligencia emocional para jóvenes. Programa práctico de entrenamiento emocional*. Madrid: Pearson Educación.
- GOLEMAN, D (1996). *Inteligencia emocional*. Barcelona: Kairós.
- KAZDIN, A (1998). *Tratamiento de la conducta antisocial en la infancia y adolescencia*. Madrid: Ediciones Martínez Roca.
- LAGO, F; PRESA, I; PÉREZ, J; MUÑIZ, J (2003). *Educación socio-afectiva en secundaria. Un programa de orientación y acción tutorial*. Alcalá: Editorial CCS.
- LEDOUX, J (1999). *El cerebro emocional*. Barcelona: Ariel-Planeta.
- MATAMALA, A; HUERTA, E (2005). *El maltrato entre escolares. Técnicas de autoprotección y defensa emocional. Para alumnos, padres y educadores*. Madrid: A Machado Libros.
- OVEJERO, A; RODRÍGUEZ, F. J (coord.) (2005). *La convivencia sin violencia. Recursos para educar*. Sevilla: MAD.
- RODRÍGUEZ, N (2006). *Stop bullying. Las mejores estrategias para prevenir y frenar el acoso escolar*. Barcelona: RBA.
- SEGURA, M; ARCAS, M (2003). *Educar en las emociones y los sentimientos. Introducción práctica al complejo mundo de los sentimientos*. Madrid: Narcea, S. A.
- SERRANO, A (2006). *Acoso y violencia en la escuela. Cómo detectar, prevenir y resolver el bullying*. Barcelona: Ariel.